

GUÍA DOCENTE DE **ANÁLISE DE JAZZ I-IV**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: ANÁLISE DE JAZZ I-IV										
ESPECIALIDADE	Interpretación								ITINERARIO	Jazz
CARÁCTER	Formación básica								TIPO DE CLASE	Colectiva
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO					
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1'5h.
ECTS/CUAD.	2	2	2	2					Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Adquisición de coñecementos que faciliten a interpretación na improvisación jazzística, a través do estudo do repertorio no seu contexto estilístico. Desenvolvemento de habilidades que faciliten a percepción dos/as grandes improvisadores/as, a creación nas improvisacións ao longo da evolución do jazz, a reflexión sobre as improvisacións propias e a documentación analítica do jazz. Desenvolvemento do oído a través do coñecemento analítico, a escoita selectiva e a memoria en consonancia coa intelixencia musical.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Para o primeiro cuatrimestre, os requiridos na proba de acceso. Para os seguintes, os adquiridos no cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	A disciplina de análise garda concordancia coas asignaturas de Harmonía de jazz, Historia do jazz, Teoría e práctica da Improvisación, Conxunto e Orquestra.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T8, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X17, X18
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI2, EI5, EI6, EI7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Adquirir coñecementos que faciliten a interpretación na improvisación jazzística, a través do estudo do repertorio no seu contexto estilístico.	Todas
Desenvolver habilidades que faciliten a percepción dos/as grandes improvisadores/as, a creación nas improvisacións ao longo da evolución do jazz, a reflexión sobre as improvisacións propias e a documentación analítica do jazz.	Todas
Desenvolver a percepción auditiva a través do coñecemento analítico, a escoita selectiva e a memoria en consonancia coa intelixencia musical.	Todas

4. CONTIDOS	
Desenvolvemento analítico da tonalidade. Centros tonais. Espazos sonoros. Desenvolvemento analítico da harmonía modal. Resolución de dominante. Modalidades adicionais á tonalidade. Dominantes secundarios. Subdominante blues. Acordes interpolados. Dominantes extendidos. Dominantes substitutos. Dominantes da tonalidade	
Dominantes sin función de dominante. O acorde diminuído. Intercambio Modal. Acordes dominantes resolucións especiais. Graos alterados cromáticamente. Utilización das notas non diatónicas respecto das diatónicas sobre as escalas modais. Acordes incompletos ou híbridos. Relación de	



disminuidos. Bitonalidade. Escala menor harmónica. Escala maior harmónica. Armonia modal. O sus7b9

Técnicas de composición. Revisión intercambio modal ,sistema frixio. Sistema eslonimski. Acordes compostos. Pentatónicas alteradas

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición práctico-teórica	Presencial	Regular
Estudo individual	Non presencial	Regular
Pescuda de información	Non presencial	Ao longo do cuadrimestre
Seminarios e masterclass	Presencial	Esporádica
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, concertos... relacionados coa disciplina)	Presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial na calse, tempo especial de titoría	Esporádica
Actividades de avaliación: - Presentación traballos - Revisión de probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*